



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de decembro de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día cinco de decembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1050).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 29 de novembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1051).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CINCO CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS. EXPTE.8165/335.**

Visto o informe de fiscalización do 29/11/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 28/11/19, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 17 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2020 (expediente nº 8165-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 4 de outubro de 2019 asinado pola Xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 8 de outubro de 2019, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 65.000,00 € (correspondendo 11.280,99 € ao ive) con cargo á aplicación presupostaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 45.500 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2020 por importe de 19.500 € (30% do importe do prezo de contrato).*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335) na seguinte orde descendente:*



## Concello de Vigo

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	CARROFESTA, S.L.	85 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., o día 15 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 26 e 28 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de novembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 8 de novembro de 2019 e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 14 de

novembro de 2019 polo que se lle outorga a máxima puntuación á proposición avaliable a través de fórmula por ser o único licitador presentado e admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CARROFESTA, S.L., con CIF B-32.475.972, o procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 63.041'00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.941'00 euros.*
- b) A oferta inclúe a cubrición e decoración artística das cabezas tractoras con bosquexo.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1052).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) DOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 23073/332.**

Visto o informe xurídico do 26/11/19 e informe de fiscalización do 27/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 10 de outubro de 2019, o Concelleiro de Orzamentos e Facenda (Resolución de 26/09/2019 de delegación temporal de competencias) resolveu “autorizar a tramitación dun contrato maior de subministros para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria da adquisición de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:



## Concello de Vigo

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 30/08/2019.
- Resolución do Concelleiro de Orzamentos e Facenda de data 10/10/2019 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación (Resolución de 26/09/2019 de delegación temporal de competencias)
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 11/10/2019, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial-Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo.
- Memoria xustificativa de data 30 de outubro de 2019.
- Informe de data 28/10/19 da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 25/11/19, redactado polo Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O obxecto deste contrato é regular o subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, de acordo cos requisitos contidos no prego de cláusulas administrativas particulares e no de prescricións técnicas.

Duración: Dous (2) anos, máis unha posible prórroga de un ano de duración.

Prezo: O prezo do contrato e de 50.820,00 euros (42.000 € , máis 8.820,00 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230 2210 300 de "combustible e carburantes".

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para o subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas (PPT) de data 11/10/2019, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo e o Prego de

cláusulas administrativas particulares de data 25/11/2019, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" nas instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo

3º.- Aprobar o gasto por importe de 50.820,00 euros (25.410,00 € IVE incluído na anualidade de 2020; 25.410,00 € IVE incluído na anualidade de 2021) para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230 2210 300 "Combustibles e Carburantes". O valor estimado do contrato estipulase en 67.200,00 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1053).- OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2019. EXPTE. 16490/77.**

Visto o informe de fiscalización do 28/11/19, dáse conta do informe-proposta do 13/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos fomentar o emprego, así como o autoemprego e a creación de novas empresas. Neste senso, encádrase, entre outros, o "Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas", como unha medida de reforzo das axudas que outras administracións convocan anualmente para os novos emprendedores e, co obxecto de apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais xeradores de emprego.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 11 de xullo de 2019, aprobou as bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas, cunha disposición total de 70.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do Estado de Gastos do vixente orzamento contabilizándose o RC Núm. 201900047411 (segundo informe de intervención). As Bases reguladoras destas axudas foron publicadas no BOP nº 140, do 23 de xullo de 2019 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do



## Concello de Vigo

Concello de Vigo. O extracto da convocatoria publicouse no BOP nº 143, do 29 de xullo de 2019. O prazo de presentación de solicitudes rematou o 12 de agosto.

De acordo co establecido na base 3ª, apartado 3.1: “... tramitarase en réxime de concorrencia competitiva: a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.”

O concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, con data 29/10/2019, resolveu nomear ás técnicas do servizo, conforme ao establecido coa base 3ª, apartado 3.2, como integrantes da Comisión de Valoración e Seguimento que preside, segundo consta incorporado ao expediente.

Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, pola comisión de valoración e seguimento das Axudas Municipais á Creación de Empresas baremáronse segundo o apartado 1.6. aquelas que cumpriron a base 1ª, no seu apartado 1.2 Beneficiarios/as, o apartado 1.3. Requisitos e o apartado 1.4 Obrigas. Como o montante total das solicitudes debidamente presentadas superaba o orzamento previsto para tal fin, logo de aplicar os criterios de avaliación establecidos na base 1.6.1, fíxose necesario ordear segundo a puntuación obtida en forma descendente, polo que os importes a subvencionar son os calculados, para cada solicitante, segundo o previsto na base 1.6.2, ata esgotar a cantidade máxima autorizada de 70.000€ de conformidade coa acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 12/11/2019 que se achega no expediente, tal e como recollen as táboas seguintes:

–Solicitudes que acadaron unha maior puntuación segundo os criterios de avaliación:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CON-CEDER
16671/77	ALMAR SC	J27868652	21	3.000,00 €
16665/77	REALIDAD VIRTUAL GLOBAL SLL	B27862952	20	3.000,00 €
16686/77	VISTT SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F27858190	20	1.084,02 €
16642/77	GRUPO FIX S. COOP. GALEGA	F27862044	18	2.699,80 €
16676/77	LOURDES GARCÍA SUÁREZ	*****918D	18	2.274,26 €
16678/77	ESTUDIO INMOBILIARIO VIGO 85 S.COOP. GALEGA	F27854215	18	3.000,00 €
16721/77	PERREGRINI 6TA. SL	B27862960	18	528,55 €
16656/77	LUCÍA DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ	*****572A	17,15	3.000,00 €
16651/77	SAMNOR PREVENCIÓN MEDIOAMBIENTAL SL	B27860089	16	409,71 €
16673/77	ANA MARÍA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	*****560C	16	1.695,45 €
16687/77	ATLANTIC WEST COAST SC	J27860055	16	3.000,00 €
16692/77	MARÍA JESÚS BARRAL REY	*****744W	16	3.000,00 €

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CON-CEDER
16658/77	DAVID BARREIRA GALLEGO	****809N	14,4	3.000,00 €
16638/77	VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ IGLESIAS	****042X	14	3.000,00 €
16652/77	M.ª BELÉN BAO LEMOS	****429F	14	3.000,00 €
16675/77	CRISTIANE GRAZIELLA SELENKO RIBEIRO	****137K	14	669,73 €
16688/77	MARLONE E.S.P.J.	E27865708	14	3.000,00 €
16690/77	DAVID RODRIGUES DE ARAUJO RÍOS	****039N	14	2.937,12 €
16716/77	MOTIVA VIGO CB	E27859156	14	1.705,59 €
16659/77	DAVID BALBONA GARCÍA	****388V	12	3.000,00 €
16663/77	ENRÍQUE MARTÍNEZ FIGUEROA	****436V	12	3.000,00 €
16667/77	ANDREA JUAN DOALLO	****210T	12	3.000,00 €
16719/77	YAIZA BARREIRO PEÓN	****208R	12	2.313,81 €
16666/77	DANIEL ÁLVAREZ LAGO	****637D	11,6	2.264,12 €
16669/77	NOELIA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	****736J	10	405,79 €
16670/77	MARCOS FIGUEROA CASABELLA	****704F	10	3.000,00 €
16681/77	M.ª GENOVEVA CONDE GARCÍA	****725V	10	1.541,68 €
16691/77	YAGO MAS VIEIRA	****737Q	10	995,00 €
16720/77	MARTA LÓPEZ ORO	****549Z	10	3.000,00 €
16725/77	ALBA BOQUETE VILARIÑO	****553S	10	3.000,00 €
16682/77	HIDRAULIC TECHNICAL SUPPLY SL	B27866771	8	475,37 €(*)

(\*) Contía resultante da aplicación dos criterios de desempate regulados na base 1.6.2

- Solicitudes denegadas aínda que foron debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación de acordo co baremo establecido:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
16653/77	SPAIN YOURWAY SC	J27866987	8
16654/77	TAMARA JOGA ABOLLO	****690X	8
16655/77	OLALLA VÁZQUEZ VÁZQUEZ	****528G	8
16677/77	ALEJANDRO PÉREZ SOCASTRO	****494Y	8
16650/77	EDA ASESORES TRIBUTARIOS SL	B27863497	6
16683/77	RICARDO COSTAS ÁLVAREZ	****846H	6
16684/77	HERBORISTERÍA VIGO, SC	J27865377	6

- Solicitantes que presentan desestimento da súa solicitude:

EXPTE.	SOLICITANTE	NIF
16641/77	PASTELERÍA PAN COMIDO SLL	B27857333
16668/77	DANIEL AMIGO LAGO	****96V





## Concello de Vigo

EXPTE.	SOLICITANTE	NIF
16680/77	MERCEDES SIEIRO CRESPO	****341Y
16685/77	CELER LEGAL SL	B27858455
16715/77	LUBRE COSMETICS SL	B27864925
16718/77	CARBALLO ASESORÍA Y CONSULTORÍA SL	B27863547
16723/77	M. <sup>a</sup> BEGOÑA PORTELA FERNÁNDEZ	****890W

- Solicitudes denegadas por non cumprir os requisitos ou por non achegar a documentación requirida:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
16647/77	ASESORÍA ANGEL PREGO CARPINTERO SLNE	B27862051	DES
16649/77	AURORA ALONSO FERNÁNDEZ	****080Z	DOC
16661/77	JOSÉ RICARDO DE RESENDE CARVALHO	****65A	IAE
16662/77	ANA ISABEL CABALEIRO CARREIRA	****672A	DOC
16672/77	ERNESTO ANDRÉS MALGA DÍAZ	****817S	IAE
16674/77	SEILA MARÍA GONZÁLEZ SÍO	****778S	IAE
16679/77	CLAUDIA ANA CECCONI RODRÍGUEZ	****839N	DOC
16689/77	YAMILETH DOMÍNGUEZ BAEZ	****153K	DOC
16717/77	BELÉN RODRÍGUEZ BASTÓN	****757T	DOC
16722/77	SOLO SALUDABLE SL	B27862960	DOC
16724/77	SERVICIOS TRAVESÍA SC	J27865773	DOC
16726/77	M. <sup>a</sup> JOSÉ CEPEDA COLMENARES	****861M	DOC

(\*) CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2019

COD.	CONCEPTO	BASE	APTDO.
DES	Non estar en desemprego o promotor ou promotores (mín, 50% do capital social) na data de inicio da actividade empresarial	1 <sup>a</sup>	1.3.3
DOC	Non achegar a documentación requirida en prazo	4 <sup>a</sup>	4.2
IAE	Data de inicio da actividade empresarial fora do período obxecto de subvención	1 <sup>a</sup>	1.2

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

As empresas beneficiarias das axudas están obrigadas **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao **da súa notificación** a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18.06.2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

## ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de **70.000€** (setenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á creación de empresas”, para as solicitudes que acadaron unha maior puntuación, segundo os criterios de avaliación e polos importes calculados dacordo co tipo e/ou contía das axudas e gastos subvencionables, segundo o seguinte cadro:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCE- DER
16671/77	ALMAR SC	J27868652	21	3.000,00 €
16665/77	REALIDAD VIRTUAL GLOBAL SLL	B27862952	20	3.000,00 €
16686/77	VISTT SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F27858190	20	1.084,02 €
16642/77	GRUPO FIX S. COOP. GALEGA	F27862044	18	2.699,80 €
16676/77	LOURDES GARCÍA SUÁREZ	****918D	18	2.274,26 €
16678/77	ESTUDIO INMOBILIARIO VIGO 85 S.COOP. GALEGA	F27854215	18	3.000,00 €
16721/77	PERREGRINI 6TA. SL	B27862960	18	528,55 €
16656/77	LUCÍA DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ	****572A	17,15	3.000,00 €
16651/77	SAMNOR PREVENCIÓN MEDIOAMBIENTAL SL	B27860089	16	409,71 €
16673/77	ANA MARÍA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	****560C	16	1.695,45 €
16687/77	ATLANTIC WEST COAST SC	J27860055	16	3.000,00 €
16692/77	MARÍA JESÚS BARRAL REY	****744W	16	3.000,00 €



## Concello de Vigo

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCE- DER
16658/77	DAVID BARREIRA GALLEGO	*****809N	14,4	3.000,00 €
16638/77	VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ IGLESIAS	*****042X	14	3.000,00 €
16652/77	M. <sup>a</sup> BELÉN BAO LEMOS	*****429F	14	3.000,00 €
16675/77	CRISTIANE GRAZIELLA SELENKO RIBEIRO	*****137K	14	669,73 €
16688/77	MARLONE E.S.P.J.	E27865708	14	3.000,00 €
16690/77	DAVID RODRIGUES DE ARAUJO RÍOS	*****039N	14	2.937,12 €
16716/77	MOTIVA VIGO CB	E27859156	14	1.705,59 €
16659/77	DAVID BALBONA GARCÍA	*****388V	12	3.000,00 €
16663/77	ENRÍQUE MARTÍNEZ FIGUEROA	*****436V	12	3.000,00 €
16667/77	ANDREA JUAN DOALLO	*****210T	12	3.000,00 €
16719/77	YAIZA BARREIRO PEÓN	*****208R	12	2.313,81 €
16666/77	DANIEL ÁLVAREZ LAGO	*****637D	11,6	2.264,12 €
16669/77	NOELIA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	*****736J	10	405,79 €
16670/77	MARCOS FIGUEROA CASABELLA	*****704F	10	3.000,00 €
16681/77	M. <sup>a</sup> GENOVEVA CONDE GARCÍA	*****725V	10	1.541,68 €
16691/77	YAGO MAS VIEIRA	*****737Q	10	995,00 €
16720/77	MARTA LÓPEZ ORO	*****549Z	10	3.000,00 €
16725/77	ALBA BOQUETE VILARIÑO	*****553S	10	3.000,00 €
16682/77	HIDRAULIC TECHNICAL SUPPLY SL	B27866771	8	475,37 €

SEGUNDO.- Denegar a axuda, segundo o apartado 1.6 da base 1<sup>a</sup>, para as solicitudes debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación de acordo co baremo establecido:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BA- REMO
16653/77	SPAIN YOURWAY SC	J27866987	8
16654/77	TAMARA JOGA ABOLLO	*****690X	8
16655/77	OLALLA VÁZQUEZ VÁZQUEZ	*****528G	8
16677/77	ALEJANDRO PÉREZ SOCASTRO	*****494Y	8
16650/77	EDA ASESORES TRIBUTARIOS SL	B27863497	6
16683/77	RICARDO COSTAS ÁLVAREZ	*****846H	6
16684/77	HERBORISTERÍA VIGO, SC	J27865377	6

TERCEIRO.- Aceptar o desestimento, ao abeiro do disposto na base 5<sup>a</sup> Concesión das axudas e tramitación do pagamento, apartado 3 e declarar concluído o procedemento correspondente de conformidade aos artigos 84 e seguintes da LPAC, das solicitudes seguintes:

EXPTE.	SOLICITANTE	NIF
16641/77	PASTELERÍA PAN COMIDO SLL	B27857333
16668/77	DANIEL AMIGO LAGO	****96V
16680/77	MERCEDES SIEIRO CRESPO	****341Y
16685/77	CELER LEGAL SL	B27858455
16715/77	LUBRE COSMETICS SL	B27864925
16718/77	CARBALLO ASESORÍA Y CONSULTORÍA SL	B27863547
16723/77	M. <sup>a</sup> BEGOÑA PORTELA FERNÁNDEZ	****890W

CUARTO.- Denegar, por non cumprir os requisitos ou por non achegar a documentación requirida das solicitudes seguintes:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
16647/77	ASESORÍA ANGEL PREGO CARPINTERO SLNE	B27862051	DES
16649/77	AURORA ALONSO FERNÁNDEZ	****080Z	DOC
16661/77	JOSÉ RICARDO DE RESENDE CARVALHO	****65A	IAE
16662/77	ANA ISABEL CABALEIRO CARREIRA	****672A	DOC
16672/77	ERNESTO ANDRÉS MALGA DÍAZ	****817S	IAE
16674/77	SEILA MARÍA GONZÁLEZ SÍO	****778S	IAE
16679/77	CLAUDIA ANA CECCONI RODRÍGUEZ	****839N	DOC
16689/77	YAMILETH DOMÍNGUEZ BAEZ	****153K	DOC
16717/77	BELÉN RODRÍGUEZ BASTÓN	****757T	DOC
16722/77	SOLO SALUDABLE SL	B27862960	DOC
16724/77	SERVICIOS TRAVESÍA SC	J27865773	DOC
16726/77	M. <sup>a</sup> JOSÉ CEPEDA COLMENARES	****861M	DOC

(\*) CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2019

COD.	CONCEPTO	BASE	APTDO.
DES	Non estar en desemprego o promotor ou promotores (mín, 50% do capital social) na data de inicio da actividade empresarial	1 <sup>a</sup>	1.3.3
DOC	Non achegar a documentación requirida en prazo	4 <sup>a</sup>	4.2
IAE	Data de inicio da actividade empresarial fora do período obxecto de subvención	1 <sup>a</sup>	1.2

QUINTO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o



## Concello de Vigo

primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

SEXTO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1054).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE ABRIL-MAIO-XUÑO DE 2019. EXPTE. 16948/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 29/11/19 asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31<sup>a</sup>) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local nos meses de abril-maio-xuño de 2019:

<b>Expte.</b>	<b>Tipo</b>	<b>Asunto</b>	<b>Adxudicatario</b>	<b>Importe</b>
16450/77	CMSUB	Consumibles informáticos O.E. VIGO CAPACITA V	Servicios Informáticos Navia,S.L.	322,10 €
16462/77	CMSER	Servizo transporte O.E. VIGO CAPACITA V	Autocares Rías Baixas, S.L.	200,00 €
16487/77	CMSER	Curso "Creación de empresas" O.E. VIGO CAPACITA V	Norformación, S.L.	575,00 €
16500/77	CMSUB	Carteis informativos VIGO INTEGRÁ VI	Gráficas Suevia,S.L.	189,00 €
16503/77	CMSUB	Vestuario traballadores PROGRAMA COOPERACIÓN 2019	Torres y Sáez Distribu- ción, S.A.	3.781,58 €
16509/77	CMSUB	Epis traballadores PROGRAMA COOPERACIÓN 2019	Torres y Sáez Distribu- ción, S.A.	1.089,00 €
16516/77	CMSUB	Productos alimenticios O.E. VIGO CAPACITA V	Ignacio Pérez Bargiela	5.798,33 €
16520/77	CMSUB	Cartel informativos VIGO EMPRENDE	Gráficas Suevia,S.L.	66,55 €

16537/77	CMSUB	Productos varios O.E. VIGO CAPACITA V	Quicelco, S.L.	917,23 €
----------	-------	--	----------------	----------

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **6(1055).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA” PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019). EXPTE. 16711/77**

Visto o informe de fiscalización do 02/12/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, de data 15 de novembro de 2019 adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA” (G36614774).

Segundo.- Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL\_MINDTECH", dos que 55.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019 e 45.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra conforme ao convenio asinado en expte. 16712/77 e, comprometer o mesmo a favor da “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das “ CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA” PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019)  
(...)

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **1. MODIFICACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA**

Debido á imposibilidade material de dar cumprimento ao disposto no Pacto 8º do convenio segundo a cal , o prazo de xustificación da subvención remata con data 15 de novembro de 2019, e en aras de garantir o principio de seguridade xurídica, e evitar prexuízos indebidos á entidade interesada debe procederse á modificación do devandito prazo, xa que, do contrario, o convenio deviría nun acto de contido imposible.



## Concello de Vigo

En atención ás consideracións expostas, se propón, a ampliación do prazo de xustificación da axuda previsto no Pacto 8º do convenio, mantendo inalteradas as súas restantes normas reguladoras.

Deste xeito, onde di: “A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **15 de novembro de 2019** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”, debera dicir: “A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **11 de decembro de 2019** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos”

### **2. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.- AMPLIAR** o prazo de xustificación das axudas previsto no Pacto 8º do CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA” PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019). EXPTE. 16711/77, modificando o texto do primeiro parágrafo co seguinte tenor literal:

- “A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **11 de decembro de 2019** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos” (...)

**SEGUNDO.- NOTIFICAR** á “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA” (G36614774), unha vez aprobada, a ampliación do prazo de xustificación da axuda previsto no Pacto 8º do Convenio e publicar o acordo na Base de Datos Nacional de

Subvencións (BDNS), BOP, portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www. Vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG.

**TERCEIRO.- RECURSOS:** contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditalar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1056).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO COMPLEMENTARIO DO RC EMITIDO POR IMPORTE INICIAL DE 15.000,00 € PARA O PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO - ANO 2019. EXPTE. 8955/224.**

Visto o informe de fiscalización do 29/11/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo, a concelleira de Igualdade a e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 17.01.2019 aprobou o seguinte acordo:

“1º. Aprobar o «Programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2019 » que se recollen no Anexo I do expediente 8955/224.

2º Autorizar o gasto por importe de 15.000,00 Euros (quinze mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311 480.00.00 do orzamento vixente, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

3º Aprobación do texto da convocatoria do programa de axudas económicas directas para mulleres en situación de violencia de xénero durante o exercicio 2019 e do extracto da mesma, (Anexos II e III ) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o establecido na Resolución de 10 de decembro da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

4º.-Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 15.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª





## Concello de Vigo

Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica puntual, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, consumos, axuar e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

En virtude da Disposición adicional segunda, apartado 11, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, é órgano de contratación do Concello de Vigo a Xunta de Goberno Local. Non obstante, esta competencia en materia de contratos menores foi atribuída á concelleira delegada de Igualdade no ámbito das competencias da súa Área, en virtude das Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 sobre delegacións de competencias a concelleiras/os de área e Acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20 de xuño de 2019, 4 de xullo de 2019 e 5 de setembro de 2019 sobre delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área.

As axudas económicas que se concederon ao abeiro desta convocatoria tiveron carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valorada e acreditada polo equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* do Concello de Vigo. Durante o ano 2019, na data de emisión deste informe, foron beneficiarias destas axudas un total de 45 mulleres. A concesión axustouse á partida presupostaria “*Bolsas económicas*” 2311- 4800000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e ao importe de 15.000,00 €. En data 9.01.2019 Intervención Xeral de Fondos emitiu unha Retención de Crédito con nº 201900002804 por importe de 15.000,00 € para facer fronte ao devandito gasto.

Non obstante, produciuse un incremento da demanda que fai necesario solicitar un aumento na retención de crédito deste programa que permita tramitar as concesións de axudas ás posibles beneficiarias que valore o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) no período que resta para finalizar o presente exercicio.

Por isto, solicítase unha retención de crédito complementaria ao RC número 201900002804 por importe de 2.000,00 € (saldo dispoñible na partida 2311- 480.00.00) contía que desde o equipo técnico do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* consideran suficiente para facer fronte á demanda no período que falta ata a finalización do ano 2019.

A concesión destas axudas tramitaranse de acordo cos criterios establecidos no marco de actuación aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 17.01.2019.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

“1º. Autorizar un gasto complementario do RC nº 201900002804 (tramitado en data 09.01.2019 por importe inicial de 15.000,00 €) por importe de 2.000,00 euros (dous mil eu-

ros), con cargo á aplicación orzamentaria “*Bolsas económicas*” 23114800000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero no período que resta para finalizar o exercicio 2019.

2º.-Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 2.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia M<sup>a</sup> Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1057).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez